

## XENOFONTE

### (Escolma para a ABAU-LOMLOE)

#### Bloque 3 (3º trimestre)

##### **18. ALCIBÍADES INCITA A COMBATER (*Helénicas* 1.1.14)**

Alcibíades, tras convocar a asemblea, comunicoulles que era preciso loitar no mar, na terra e nas fortificacións. “Non temos cartos”, dixo, “pero o inimigo recíbeos sen límites por parte do rei”. O día anterior, despois de ancoraren, reuniu en torno a si todos os barcos, incluíndo os pequenos, para que ninguén revelase ó inimigo o número das mesmas, e anunciou mediante un pregoeiro a pena de morte para quen fose sorprendido pasándose ó outro bando.

##### **19. ALCIBÍADES FORTIFICA CALCEDÓN E HIPÓCRATES INTENTA LEVANTAR O CERCO (*Helénicas* 1.3.4)**

Cando Alcibíades chegou ó campamento co botín e despois de facer un pacto con toda a frota, bloqueou Calcedón estendendo o seu campamento de mar a mar, pechando tamén toda a parte do río que puido cun valado. Entón, o gobernador espartano Hipócrates fixo saír os soldados da cidade coa idea de loitar. Os atenienses formaron fronte a el e Farnabazo acudiu por fóra do cerco coas súas tropas e moita cabalería.

##### **20. A NOTICIA DO DESASTRE EN EGOSPÓTAMOS ESPÁLLASE ENTRE OS ATENIENSES (*Helénicas* 2.2.3)**

O desastre foi anunciado en Atenas pola noite, coa chegada do *Paralo*, e un salaio estendeuse desde o Pireo ata a cidade a través dos Muros Longos, ó ir correndo a nova de boca en boca. Deste xeito, aquela noite ninguén durmiu, non só os que choraban polos mortos, senón tamén, e con máis razón, os que o facían por si mesmos, crendo que ían sufrir igual destino que o que eles lles aplicaran ós habitantes de Melos, que era unha colonia dos espartanos, ós que venceran nun asedio, e tamén ós de Histiea, ós de Escíone, ós de Torone, ós de Exina, e a outros moitos dos gregos.

##### **21. O XENERAL ESPARTANO LISANDRO TOMA POSICIÓNS NO NORTE DO MAR EXEO (*Helénicas* 2.2.5)**

Lisandro, chegando desde o Helesponto a Lesbos con duascenas naves, gañou para a súa causa a Mitilene e outras cidades da illa. Enviou ó país de Tracia dez trirremes ó mando de Eteónico, quen logrou que todas as poboacións de alí se

pasasen ós espartanos. O resto de Grecia afastárase tamén dos atenienses xusto despois da batalla naval, agás os de Samos. Estes, despois de degolar os seus habitantes máis sobranceiros, dominaban a cidade.

## **22. DESÁNIMO DOS ATENIENSES TRAS O FRACASO DAS NEGOCIACIÓNS (*Helénicas*. 2.2.14)**

Cando os embaixadores chegaron á patria e anunciaron estes feitos á cidade, o desánimo invadiu a todos: crían que serían escravizados, e que morrerían todos de fame se eventualmente decidían enviar outros embaixadores. Ninguén quería presentar unha proposta sobre o derrubamento dos Muros, pois Arquéstrato, cando dixo na asemblea que era mellor facer a paz cos espartanos nos termos que estipulaban, foi detido: propuxera derrubar os Muros Longos en dez estadios de cada lado. Aprobouse, logo, un decreto que prohibía presentar propostas sobre este asunto.

## **23. MANIA QUERE HERDAR A SATRAPÍA DO SEU MARIDO (*Helénicas* 3.1.10)**

Esa parte de Eolia era de Farnabazo, pero gobernaba aquel país como sátrapa, ata que faleceu, o dardanio Zenis. Cando este morreu dunha enfermidade, con Farnabazo perparado para entregarlle a outro a satrapía, Mania, a esposa de Zenis, tamén ela dardania, conducindo unha comitiva e provéndose de agasallos para entregarllos a Farnabazo en persoa e gañarse as súas concubinas –e, sobre todo, ás persoas que máis influían en Farnabazo–, púxose en camiño.

## **24. ENCONTRO ENTRE FARNABAZO E AXESILAO (*Helénicas* 4.1.30)**

Presentouse con Farnabazo nun lugar acordado, onde xa estaban agardando Axesilao e mais os trinta, sentados no chan sobre a herba. Farnabazo chegou cunhas roupaxes moi caras. Cando os servidores lle puxeron debaixo alfombras bordadas, sobre as que os persas sentaron comodamente, avergonzouse de gozar daquel luxo, vendo a austeridade de Axesilao. En consecuencia, sentou no chan, igual que el.

## **25. CIRO MANDA CURAR OS PRISIONEIRO FERIDOS (*Ciropedia* 3.2.12)**

Nisto, levaron os prisioneiros á presenza de Ciro, uns amarrados e outros feridos. Así que os viu, ordenou que desatasen decontado os que estaban amarrados e, chamando uns médicos, ordenou que curasen os feridos. Despois díxolles ós caldeos que el fora alí, non porque quixese aniquilalos nin porque precisase facer a guerra, senón porque quería facer a paz entre os armenios e os caldeos.

## **APOLODORO**

**(Escolma para a ABAU-LOMLOE)**

### **Bloque 3 (3º trimestre)**

#### **18. O ENIGMA DA ESFINXE DURANTE O REINADO DE CREONTE (Apolodoro, *Biblioteca* 3.5.8).**

Así pois, a Laio enterrouno Damasítrato, rei de Platea, e Creonte, fillo de Meneceo, subiu ó trono. Durante o seu reinado unha calamidade non pequena afectou a Tebas, pois Hera enviou alí a Esfinxe, cuxa nai foi Equidna e o seu pai Tifón. Tiña rostro de muller, peito, patas e cola de león, e ás de paxaro. Despois de aprender un enigma da boca das Musas, asentouse no monte Ficio, e propúxollo ós tebanos. Este era o enigma: quen é o que, tendo unha soa voz, pasa de catro pés a dous e logo a tres?

#### **19. ANTÍGONA ENTERRA O SEU IRMÁN (Apolodoro, *Biblioteca* 3.7.1).**

Creonte, unha vez que se fixo co trono dos tebanos, deixou sen soterrar os cadáveres dos arxivos e, proclamando que ninguén debía enterralos, púxolles vixilantes. Mais Antígona, unha das fillas de Edipo, roubando ás agachadas o corpo de Polinices, enterrouno; descuberta polo propio Creonte, foi encerrada viva nunha tumba.

#### **20. MATRIMONIO E DESCENDENCIA DOS DOUS ATRIDAS (Apolodoro, *Epítome* 2.16).**

Agamenón reinou en Micenas e casou con Clitemnestra, filla de Tindáreo, tras dar morte ó seu anterior marido, Tántalo, xunto co seu fillo Tiestes. Naceulle un fillo, Orestes, e tamén as fillas Crisótemis, Electra e Ifixenia. Pola súa parte, Menelao casou con Helena e reinou en Esparta, pois Tindáreo entregoulle o reino.

#### **21. A MAZÁ DA DISCORDIA (Apolodoro, *Epítome* 3.1-2).**

Decontado, Alexandre raptou a Helena, segundo din algúns, por desexo de Zeus, para que a súa filla se fixese famosa ó producirse unha guerra entre Europa e Asia; ou, como outros teñen dito, para que a liñaxe dos semideuses fose eloxiada. Así pois, por un destes dous motivos, Eris lanzou a mazá da beleza entre Hera, Atenea e Afrodita, e Zeus ordenou a Ermes que as levase ó monte Ida, á presenza de Alexandre, para que el decidise. Elas comunicáronlle a Alexandre que lle darían agasallos: Hera, no caso de ser preferida ás outras,

daríalle o dominio sobre todos os homes; Atenea a vitoria nas guerras; e Afrodita o matrimonio con Helena. El elixiu a Afrodita.

## **22. ODISEO E A ARTIMAÑA DO CABALO DE MADEIRA (Apolodoro, *Epítome* 5.14).**

Máis tarde ideou a construción do cabalo de madeira, que lle inspirou a Epeo, quen era arquitecto. Este, cortando madeira do monte Ida, construíu un cabalo oco por dentro e aberto polos costados. Odiseo convenceu de meterse dentro os cincuenta homes máis valentes (ou tres mil, como conta o que escribiu a *Pequena Ilíada*); ós demais, pola contra, prendendo lume ás tendas ó chegar a noite, convenceunos de, tras saír ó mar, ancoraren nas proximidades de Ténédos e, despois da noite seguinte, navegaren de regreso á costa.

## **23. ASASINATO DE AGAMENÓN (Apolodoro, *Epítome* 6.23-24).**

Agamenón, logo de chegar a Micenas con Casandra, foi asasinado por Existo e Clitemnestra: déronlle unha túnica sen colo nin mangas, e foi asasinado mentres a poñía. Existo converteuse en rei de Micenas, e mataron tamén a Casandra. Electra, unha das fillas de Agamenón, levou de alí ás agachadas o seu irmán Orestes, e entregoullo a Estrofia o focio para que o criase. El criouno xunto co seu propio fillo Pílates.

## **24. ODISEO E A COVA DE POLIFEMO (Apolodoro, *Epítome* 7.4).**

Abandonando o resto das naves nunha illa próxima, achegouse á terra dos Cíclopes, desembarcando nela con doce dos seus compañeiros da nave. Había alí unha cova preto do mar, cara á que foi cun peleso de viño que lle dera Marón: era a cova de Polifemo, que era fillo de Poseidón e da ninfa Toosa, un home enorme, fero e antropófago, cun só ollo na fronte.

## **25. OS PRETENDENTES DE PENÉLOPE E O ENGANO DA MORTALLA (Apolodoro, *Epítome* 7. 31).**

Estes, que se dirixiran ó palacio para consumir os rabaños de Odiseo, celebraban banquetes. Penélope, obrigada, prometera casar cando a mortalla para Laertes chegase á súa fin: estivera tecéndoa durante tres anos, tecendo polo día e destecendo pola noite. Deste xeito, os pretendentes foron enganados por Penélope, ata que esta foi descuberta.